

RIBADEO CAMIÑO SEGURO

PACTO LOCAL CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA NO CAMIÑO



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

IGUALDADE
Concello de
Ribadeo

Coordinación: Igualdade Ribadeo

Asistencia técnica: Arabías S.Coop.Gal

Creación de Imaxe: 7h Cooperativa Cultural

Financia: Xunta de Galicia, Xacobeo 2021 e Concello de Ribadeo

Outubro de 2019

ÍNDICE

1. NECESIDADE SOCIAL	4
2. REFERENTES LEGAIS	6
A NIVEL AUTONÓMICO	6
A NIVEL ESTATAL.....	6
A NIVEL INTERNACIONAL.....	6
3. OBXECTIVOS	7
4. METODOLOXÍA	8
FASE 1I DIAGNOSE DE SITUACIÓN	8
FASE 2I COMPROMISO DE ADHESIÓN AO PACTO LOCAL.....	8
5. MULLERES QUE VIAXAN SOAS.....	9
6. COMPROMISOS DE ACTUACIÓN.....	11
MEDIDAS DE INFORMACIÓN	11
MEDIDAS DE SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN.....	12
MEDIDAS DE ATENCIÓN	13
7. QUE PODEMOS FACER SE PRESENCIAMOS UNHA SITUACIÓN DE VIOLENCIA MACHISTA?	14
ANEXO 1	15
ADHESIÓN DE PERSOAS XURÍDICAS AO PACTO LOCAL CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA NO CAMIÑO DO NORTE.....	15
MEDIDAS DE INFORMACIÓN	15
MEDIDAS DE SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN.....	15
MEDIDAS DE ATENCIÓN	16

1. NECESIDADE SOCIAL

No marco da IV Conferencia Mundial das Mulleres celebrada en Beijing no ano 1995, recoñeciase a violencia machista como un obstáculo para lograr o obxectivo de igualdade entre mulleres e homes, de maneira que ademais impide o exercicio efectivo dos dereitos humanos das mulleres. Alén deste recoñecemento, do traballo realizado na IV Conferencia Mundial emerxeu o concepto *de mainstreaming* ou transversalidade de xénero, que aplicado ás políticas públicas fai referencia á necesidade de que a dimensión de xénero sexa integrada de forma holística nos procesos de decisión e xestión, e desde todas as áreas de intervención.

O compromiso do Concello de Ribadeo coa loita feminista e coas políticas de igualdade remóntase a tempo atrás, de feito, desde o ano 2004 contamos cun Centro de Información ás Mulleres (CIM), cuxo labor é imprescindible para garantir o dereito a unha vida libre de violencia machista, ao tempo que é un recurso que promove o avance cara unha sociedade con maiores cotas de igualdade entre os sexos.

Desta volta quixemos avanzar nun proxecto innovador que pon en práctica a transversalidade de xénero e interpela a varias áreas municipais para traballar de forma coordinada na prevención da violencia machista. **Ribadeo Camiño Seguro** garante un compromiso institucional coa prevención da violencia machista desde as áreas de igualdade, turismo e comercio a nivel municipal coa intención de crear espazos libres e seguros fronte o machismo e a súa violencia.

Ribadeo, como vila referente do Camiño do Norte a Santiago de Compostela, con este proxecto inicia un traballo de prevención da violencia machista nos tramos que circulan polo seu territorio, con especial atención ás necesidades e demandas que podan xurdir no caso das mulleres que viaxan soas na súa peregrinación.

Viaxar en solitario é unha práctica que comparten moitas persoas que deciden coñecer o mundo e lugares diferentes sen máis compañía que si mesmas. Mais o feito de que sexa un home ou unha muller quen o faga ten implicacións diferentes no marco dunha sociedade patriarcal como a que vivimos. Precisamente, unha muller viaxando soa está a transgredir unha norma patriarcal, ao exercer a súa liberdade e autonomía, e iso pode expoñela a situacións de violencia.

Conscientes de que ser muller é o único factor de risco para sufrir violencia machista nas súas múltiples tipoloxías: física, psicolóxica e/ou sexual. No caso da violencia sexual, esta pode presentarse de formas diversas, tanto no espazo privado e íntimo – parella ou outros familiares ou amizades-, coma no plano comunitario por parte de

persoas alleas e/ou descoñecidas. A pesares de que investigacións na materia indican unha maior probabilidade de que as mulleres coñezan aos seus agresores, non é menos certo o impacto social que acadan certos casos concretos onde a violencia é perpetrada por persoas alleas, nomeadamente cando se produce unha intensa cobertura mediática da nova. Estas circunstancias teñen unha repercusión na percepción de seguridade para as mulleres en certas entornas do espazo público, e afecta ao conxunto da comunidade.

Nos últimos anos teñen sido varias as novas na prensa que comunican sobre abusos a mulleres en certos tramos do Camiño de Santiago, contribuíndo a xerar unha imaxe pouco positiva do que debera ser unha experiencia persoal gratificante.

Por iso desde o Concello de Ribadeo poñemos en marcha este Pacto Local contra a violencia machista no Camiño do Norte, comprometendo a distintos axentes locais que ofrecen servizos a peregrinas e peregrinos, como poden ser os hoteis, hostais, albergues, hostalería e restauración, a actuar na prevención e atención de posibles situacións de violencia machista que podan acontecer no Camiño de Santiago ao seu paso por Ribadeo.

Viaxar soa é unha opción, e unha vida libre de violencia, un dereito.

O Pacto Local contra a Violencia Machista no Camiño Norte do Concello de Ribadeo é unha ferramenta que suma esforzos nunha estratexia conxunta coa participación de axentes políticos, sociais, económicos, educativos e comunitarios a nivel municipal.

2. REFERENTES LEGAIS

A NIVEL AUTONÓMICO

- Decreto lexislativo 2/2015, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017 – 2020.

A NIVEL ESTATAL

- Constitución española (1978).
- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

A NIVEL INTERNACIONAL

- Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (CEDAW, 1979).
- Declaración e Plataforma de Acción de Beijing (1995). Beijing +20.

3. OBXECTIVOS

- Promocionar Ribadeo como vila referente do Camiño do Norte que leva a Santiago de Compostela e primeira etapa en Galicia.
- Crear espazos de intercambio para promocionar o Camiño de Santiago como unha experiencia segura e a prol do valor da igualdade entre os sexos.
- Elaborar un Pacto Local que integre compromisos de axentes sociais e económicos vencellados co Camiño de Santiago arredor da prevención e atención de situacións de violencia machista.

4. METODOLOXÍA

Este Pacto Local parte dunha metodoloxía integradora e participativa, buscando a implicación da comunidade local a través de axentes chave. Neste senso, identificamos diferentes fases de traballo:

FASE 1 · DIAGNOSE DE SITUACIÓN

A diagnose levouse a cabo en dous momentos diferenciados. Por unha banda, a través dun traballo de **investigación cualitativa** compiláranse diversas **historias de vida de mulleres que chegan a Ribadeo facendo o Camiño do Norte**. Este traballo permitiu coñecer a través das súas experiencias os riscos que afrontan ao viaxar soas, reflexionando sobre posibles liñas de actuación a nivel municipal para previr e atención posibles situacións de violencia machista a nivel municipal.

Por outra banda, organizáronse **mesas de traballo** con persoal político e técnico; e con representantes do Consello Municipal da Muller e o sector do comercio e a hostalería. Estes espazos permitiron validar o conxunto de medidas que darán forma ao Pacto Local e as condicións de adhesión que deberán seguir as persoas e/ou entidades que queiran formar parte.

FASE 2 · COMPROMISO DE ADHESIÓN AO PACTO LOCAL

A partir do traballo realizado nas mesas crease un material para que se distribuirá entre os axentes integrantes do Pacto Local, os cales terán que asumir o seu compromiso ou folla de ruta para garantir o proxecto Ribadeo Camiño Seguro.

5. MULLERES QUE VIAXAN SOAS

No marco do traballo de campo, achegámonos á experiencia de viaxar en solitario a través de varias mulleres que teñen percorrido o mundo con elas mesmas. As motivacións para viaxar soas son múltiples e diversas, como afirman as propias protagonistas:

“O feito de viaxar a min sempre me resultou atractivo e por xente en común para que viaxe contigo é complicado. Entón, chega un momento que decides dar o paso de viaxar soa. O primeiro viaxe si que valoras un pouco máis os riscos, vas con máis medo, levas medos da casa que te inculcan. Pero despois, tes que confiar na xente. E ao fin, lánzaste e cando chegas ao sitio dáste conta de que hai moita xente viaxando soa tamén. E que a xente vai te axudar, e incluso podes resolver mellor os problemas soa que acompañada”. (Viaxeira 6).

“Para min o atractivo de viaxar é que resulta unha aprendizaxe continua, é estar coñecendo cousas novas a cada segundo, a cada minuto. Atoparte con xente marabillosa que te cambia nun segundo a forma de pensar. Que che di que hai cousas máis alá, que te fai explorarte a ti mesma, coñecerte, ver os teus límites, aprender de ti, aprender do mundo que che rodea. E para min, de lonxe, iso é o máis atractivo; dicir, como podemos ser tan iguais de ter pernas, brazos, cabezas pero pensar tan diferente, actuar tan distinto. Penso que é unha forma moi linda de aprender do mundo que che rodea, e sobre todo de ti, especialmente viaxando soa” (Viaxeira, 3).

“Para min é saír da zona de confort, e unha que saes da zona de confort, dáste conta que podes facelo todo, que todo está nas túas mans, que todo é unha aprendizaxe, que podes solucionar os problemas por ti mesma. Iso para min é unha confianza nunha mesma moi grande. E superar os teus medos” (Viaxeira 4).

A planificación da viaxe varia moito en base as circunstancias do mesmo, non é igual viaxar cun tempo limitado que por varios meses, ou o destino que se escolle. En todo caso, “a organización depende moito do teu estilo e da túa forma de ser, da túa personalidade” (Viaxeira, 3). Hai mulleres que levan todo ben pechado e organizado, tamén que prefire deixarse fluír coa viaxe e deixarse sorprender polas cousas que van aparecendo diante de si.

Unha cuestión que emerxe no debate é falta de alento que reciben as mulleres que deciden viaxar soas. Unha cuestión moi ligada ao machismo que segue presente nas nosas sociedades.

“Eu penso que aí entra en xogo a dependencia emocional coa que nos educan. Hai xente que pensa que viaxar soa é unha opción desesperada, cando non tes a ninguén con quen ir, é como a última das opcións” (Viaxeira 4).

Con demasiada frecuencia viaxar soa ten “unha connotación negativa” (Viaxeira, 5). De feito, moitas mulleres teñen medos e condicionamentos aprendidos, como consecuencia das distintas mensaxes que reciben desalentando esta opción.

“Cando o fas é como que estás tola, que atrevida. A sociedade intenta desnaturalizar o feito, se viaxas soa é porque non tes amizades ou non tes parella, non como unha elección marabillosa” (Viaxeira, 5).

Unha cuestión latente cando se viaxa soa son os riscos asociados, precisamente porque “unha muller viaxando soa está transgredindo unha norma patriarcal” (Viaxeira 4).

“Obviamente o risco de viaxar soa é que maten ou que te violen por ser muller. Isto está intimamente ligado co feito de que ver as mulleres como obxectos sexuais, semella que unha muller que viaxa soa anda buscando home ou marido”. (Viaxeira, 3).

A conclusión á que chega ao grupo é que o principal risco para sufrir algunha forma de violencia machista, incluída a violencia sexual, é feito de se muller. É isto non muda, decidamos viaxar soas ou non o facer, pois a exposición á violencia machista é estrutural e compartida de forma universal por todas as mulleres. En todo caso, “da rabia ter que tomar certas precaucións, isto a un tío non lle pasa” (Viaxeira, 4).

O feito de estar conectadas cunha mesma fai que se preste máis atención a posibles alertas que saltan en determinadas circunstancias e ante certas persoas. Mais viaxando soa tamén se establecen redes con outras persoas, nomeadamente mulleres, nas que confiar e buscar apoio no caso de ser preciso.

“E dáste conta de que as mulleres somos solidarias entre nós. Aínda que non saibas o idioma, hai unha complicidade de coidarse moi forte. A min pasoume, esa situación de coidado entre mulleres dáse máis que a de perigo cos homes. Hai un coidado de mulleres internacional”. (Viaxeira, 4).

A conclusión final é que viaxar en solitario aporta numerosos beneficios como “liberdade e apoderamento (Viaxeira, 2); “ser dona do teu tempo” (Viaxeira, 4); “autocoñecemento e desenvolvemento humano” (Viaxeira, 5); “ser consciente das túas capacidades” (Viaxeira, 1). E ningunha muller debera verse privada da oportunidade de vivir experiencias nesta liña.

6. COMPROMISOS DE ACTUACIÓN

A adhesión ao Pacto Local Contra a Violencia Machista no Camiño do Norte comprende diversas medidas de actuación:

MEDIDAS DE INFORMACIÓN

Garanten asesoramento e información sobre os servizos e recursos dispoñibles no Concello de Ribadeo aos que se pode acudir en caso de ter algunha dúbida ou necesidade relacionada con situacións de violencia machista.

MEDIDAS A DESENVOLVER	AXENTES QUE SE COMPROMETEN	
	ÁREAS MUNICIPAIS IMPLICADAS	AXENTES ECONÓMICOS E SOCIAIS
Colocar o vinilo Ribadeo Camiño Seguro nun espazo visible e accesible do local como signo de adhesión ao Pacto Local.		
Difundir os recursos locais de atención de mulleres en situación de violencia no Concello de Ribadeo a través de material específico.		
Divulgar <i>Ribadeo Camiño Seguro</i> . Compartir contidos nas redes sociais, retuitear e empregar o hashtag <i>#RibadeoCamiñoSeguro</i> .		
Deseñar un panel onde expor a información do Pacto Local e os recursos de atención para mulleres en situación de violencia no marco de Ribadeo Camiño Seguro.		

MEDIDAS DE SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN

Pretenden, dunha banda, fomentar espazos baseados na igualdade de xénero e, doutra, prever posibles situacións de violencia machista.

MEDIDAS A DESENVOLVER	AXENTES QUE SE COMPROMETEN	
	ÁREAS MUNICIPAIS IMPLICADAS	AXENTES ECONÓMICOS E SOCIAIS
Empregar unha linguaxe inclusiva en toda a información que teña que ver co local ou entidade(web, información dirixida a clientes/usuari@s...).		
Promover o uso dunha linguaxe inclusiva entre as traballadoras e os traballadores.		
Evitar reproducir imaxes ou contido que denigren ás mulleres ou as presenten como obxectos sexuais.		
Programar actividades que non reproduzan a violencia contra as mulleres.		
Crear un selo de Ribadeo Camiño Seguro para aquelas mulleres que viaxan soas.		
Participar nunha formación en materia de prevención da violencia machista e igualdade de xénero.		
Colocar un libro de visitas ou panel onde recoller mensaxes de mulleres que chegan a Ribadeo viaxando soas narrando a súa experiencia.		
Crear un mapa de puntos seguros aos que dirixirse en caso de ter algún problema derivado dunha situación de violencia machista.		
Participar nos actos promovidos desde o Concello para a conmemoración do 25 de novembro e o 8 de marzo.		
Acudir ás concentracións que se celebren a nivel municipal en repulsa por asasinatos machistas.		
Elaborar material de sensibilización con mensaxes para potenciais agresores e en contra da complicidade coa violencia.		

MEDIDAS DE ATENCIÓN

Pretenden garantir unha actuación coordinada e efectiva ante posibles situacións de violencia machista, contando co apoio e participación da comunidade.

MEDIDAS A DESENVOLVER	AXENTES QUE SE COMPROMETEN	
	ÁREAS MUNICIPAIS IMPLICADAS	AXENTES ECONÓMICOS E SOCIAIS
Denunciar posibles situacións de violencia machista que teñan lugar no seu local ou establecemento.		
Coñecer e difundir o protocolo de actuación municipal en materia de violencia machista.		

7. QUE PODEMOS FACER SE PRESENCIAMOS UNHA SITUACIÓN DE VIOLENCIA MACHISTA?

Se presenciemos unha agresión machista debemos intentar establecer contacto coa muller, para saber que precisa e como podemos axudala antes de facer nada pola nosa conta. Se a situación é moi grave, chamar á policía municipal de Ribadeo.

- Acompañar á muller a un lugar onde poda estar tranquila e ofrecerlle información sobre os servizos e recursos aos que pode pedir axuda.
- escoitar o que a muller comparte con nós sen emitir xuízos nin valoracións.
- Falar co agresor e deixarlle claro que neste establecemento non son benvidas as persoas violentas e machistas e convidalo a marchar.
- Preguntarlle a quen podemos chamar para que a axude, e acompañala se é preciso onde nos diga. En todo momento, debemos evitar deixala soa.
- Se nese momento a muller non quere facer nada, podemos facilitarlle información sobre os servizos e recursos dispoñibles en Ribadeo para cando decida dar o paso de denunciar e/ou asesorarse ao respecto.

ANEXO 1

ADHESIÓN DE PERSOAS XURÍDICAS AO PACTO LOCAL CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA NO CAMIÑO DO NORTE

Razón social: _____

NIF: _____

Enderezo: _____

Representante legal (Nome, Apelidos): _____

Email a efectos de notificación: _____

Perfil de redes sociais: _____

Acepto os seguintes compromisos do Pacto Local Contra a Violencia Machista no Camiño Norte:

MEDIDAS DE INFORMACIÓN

Colocar o vinilo Ribadeo Camiño Seguro nun espazo visible e accesible do local como signo de adhesión ao Pacto Local.

Difundir os recursos locais de atención de mulleres en situación de violencia no Concello de Ribadeo.

Divulgar *Ribadeo Camiño Seguro*. Compartir contidos nas redes sociais, retuitear e empregar o hashtag #RibadeoCamiñoSeguro.

MEDIDAS DE SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN

Empregar unha linguaxe inclusiva en toda a información que teña que ver co local ou entidade (web, información dirixida a clientes/usuari@s...).

Promover o uso dunha linguaxe inclusiva entre as traballadoras e os traballadores.

Evitar reproducir imaxes ou contido que denigren ás mulleres ou as presenten como obxectos sexuais.

Programar actividades que non reproduzan a violencia contra as mulleres.

Participar nunha formación en materia de prevención da violencia machista e igualdade de xénero.

Colocar un libro de visitas ou panel onde recoller mensaxes de mulleres que chegan a Ribadeo viaxando soas narrando a súa experiencia.

- _ Participar nos actos promovidos desde o Concello para a conmemoración do 25 de novembro e o 8 de marzo.
- _ Participar en actos de repulsa e condena social á violencia machista.

MEDIDAS DE ATENCIÓN

- _ Denunciar posibles situacións de violencia machista que teñan lugar no seu local ou establecemento.
- _ Coñecer e difundir o protocolo de actuación municipal en materia de violencia machista.